

Poñan atención señores que lle vamos a contar-e
certo non lles ha de ser-e, mentira ha resultar-e.

Chegaron os parrandistas, que non lles pareza mal,
por lles decir catro cousas de entrada de Carnaval.

Salimos da nosas casas sen un patacón siquiera,
por contala nosa vida causa lastima a calquera.

Saliu a madre que sacou a cesta das filloas
... e aceite que se comían sen moas.

Como sabían tan ben-he alghún así que as probou,
para o sacar da cesta moito traballo costou.

Marchou a ama pra dentro e cando se retirou,
por ela ningún choramos pero pouco nos faltou-e.